

Pozo Limideiro

43° 0' 45" N 8° 56' 16" W

Este territorio á beira do Xallas foi un interesante lugar desde o que controlar e explotar o ouro e estaño da zona. Na mina do Pozo Limideiro encontramos unha lagoa artificial onde houbo unha vella mina. Unha empresa inglesa no s. XIX tentou conseguir alí o ouro que puideran ter deixado os romanos.



Arca da Piosa

43° 2' 45" N 8° 58' 52" W



Na obra *Queixumes dos Pinos* (1886), de onde saiu o Himno Galego, o poeta Eduardo Pondal soñou coa Arca da Piosa. Aínda que esta tumba megalítica construíuse hai máis de 5.000 anos, no Neolítico, o bardo fixo do dolmen a tumba dun guerreiro chamado Brandomil, morto na loita contra os romanos.

Concello de Zas
Praza do Campo, 1
1850 - Zas (A Coruña)

T 981 708 303
F 981 751 142
correo@zas.dicoruna.es
concellodezas.org



Deseño, textos e foto: Manuel Rial Santos



CONCELLO DE
ZAS



Deputación
DA CORUÑA



RUTA DE BRANDOMIL

CONCELLO DE
ZAS

GAL


Brandomil

43° 0' 28" N 8° 55' 21" W

Aínda que a ponte de Brandomil non é romana, si o son as súas orixes. A aldea garda baixo as súas terras as ruínas da vila romana coñecida máis occidental do Imperio. Antes diso, Brandomil xa estaba habitado. O castro sobre o río Xallas é o resto que nos queda dunha poboación indíxena que seguramente conviviu coa chegada da nova poboación inmigrante. O nome dalgún destes novos habitantes, chegados do Mediterráneo, quedou escrito para sempre nos monumentos funerarios descubertos. Tamén os seus cultos, nas aras dedicadas aos Lares Viais, á deusa Fortuna ou ao deus galaico da guerra Cosus. Xa desde o século XIX, Brandomil vén sendo foco de atención para moitos investigadores que o sitúan na vía XX per loca marítima, que unía Braga e Astorga. As últimas escavacións dirixidas por Juan Naveiro sitúan o tamaño da urbe en máis de 20 hectáreas.




entrada ao castro de Brandomil



Arca da Piosa

Imprescindible completar a túa ruta coa visita a un dos grandes monumentos megalíticos de Galicia. Continúa a estrada dirección Muxía e antes de chegar ao concello de Vimianzo vira á dereita cara ao Couto Muíño, unha gran plantación forestal. Unha vez chegues á entrada desta enorme finca, colle o camiño da esquerda e este levarache directamente á Arca da Piosa.

Para visitar a Arca da Piosa terás que transitar por pistas sen asfaltar. O dolmen está nunha gran área dedicada á plantación forestal, polo que debes respectar aos traballadores e ter a precaución necesaria.



RUTA DE BRANDOMIL

Brandomil é desde hai séculos un punto destacado nas comunicacións. quen se dirixe de Compostela a Muxía non pode deixar de reparar na ponte sobre o río Xallas. Por que non parar e coñecer a orixe deste monumento e indagar os segredos que aínda agocha este lugar?

Para este pequeno paseo recomendamos deixar o coche na área de descanso e cruzar a ponte. Fronte a nós vemos o castro de Brandomil. Sube á súa muralla, rodéao e saíras polo oeste cara á igrexa da aldea. Agora podes botar un ollo ao teu redor e de seguro verás algunha pedra romana onde menos o esperes. Colle despois o coche e coñece a mina de Pozo Limideiro, ou camiña á anta da Arca da Piosa para recitar a Ponda.

A cambio de contarche estes segredos, só pedimos respecto e conciencia. **O legado de Brandomil leva aquí máis de dous mil anos.**

